



### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: CONTRATACION DO SERVIZO DE APERTURA E ATENCIÓN Ó PÚBLICO DOS MUSEOS MUNICIPAIS: CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA, MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO, DOMUS DOS MOSAICOS, DOMUS DO MITREO, SALA DE EXPOSICIÓNS PORTA MIÑÁ E CENTRO ARQUEOLÓXICO DE SAN ROQUE .**

Sendo as 12.30 horas do día 26 de xuño de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, constitúese a Mesa de Contratación presidida polo Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, don Xosé Manuel Cao Rei, e actuando como vocais:

Don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica, don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral; dona Patricia López Seijas da Sección Cultura e actuando como secretaria dona Ana Tabarés Martínez, técnico de contratación, patrimonio e fomento.


Abre a sesión o Sra. Presidenta e procédese por parte da Secretaria da mesa a dar lectura ó informe do negociado de rexistro de data 26 de xuño onde indica que non se presentou plica algunha a este procedemento.

Por parte da técnico de Cultura pónse manfiesto que unha empresa púxose en contacto con ela para indicarlle que á vista prezo de licitación desisten acudir a este procedemento. Asimesmo infórmase que outra empresa presentou escrito no Rexistro Xeral do Concello indicando que o prezo de licitación non cubre o custo do servizo.

En consecuencia os membros da Mesa acordar propoñer a declaración de deserto do procedemento por ausencia de licitadores e que se estudie por quen proceda a adecuación do prezo de licitación a prezos de mercado e se fose preciso, un recálculo dos custos e do prezo.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia.

A PRESIDENTE

  
Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei



A SECRETARIA

  
Asdo.: Ana Tabarés Martínez.